Estación Termini



XULIO VALCÁRCEL
xuliolv@gmail.com

As estacións son lugares de tránsito nos que se cruzan os destinos, pero tamén de permanencia, onde o fluír da vida se detén antes de continuar o seu curso

O pasado día tres pechou a vella estación de autobuses da Coruña. Rematabа así un universo de historias anónimas, encontros, adeuses, ilusións e desencantos. Benvida a nova estación, pulcra e funcional, non vou facer unha cartografía da nostalxia, pero alí quedan, para a memoria, un mollo de recordos, emocións, de risos, de apertas e de bágoas. Ao calor de cada abrazo recuperábanse días ou meses de ausencia, as despedidas, agochaban unha tristeza resignada, conscientes de que calquera separación, por pequena e breve que sexa, obriga a un distanciamento físico. "Partir é morrer un pouco", escribiu Víctor Hugo.

A vella estación era, sobre todo, un lugar de espera. Para acudir uns ao traballo, outros a unha consulta médica; había quen regresaba á aldea, marchaba a estudar, quen acudía a unha cita ou viaxaba por outros motivos. Cada viaxeiro levaba consigo unha equipaxe invisible de preocupacións, de esperanzas e de soños. Un formigueiro humano poñíase en movemento cada mañá. O balbordo do tránsito mesturábase cos avisos da megafonía, as ofertas das tendas e o traballo de vixiantes e administrativos. Présas, carreiras de último segundo para non perder o autobús, improvisadas conversas entre descoñecidos, atrasos e impaciencias..., todo aquel fervor, aparentemente trivial, constituía, porén, unha metáfora da fugacidade e unha expresión de auténtica interacción colectiva.

E estaban tamén os que non ían a ningures: solitarios desamparados, náufragos existenciais que buscaban un banco no que sentar, un teito baixo o que gorecerse da chuvia e do frío, algo de protección e acougo. Para eles a estación non era un lugar de partida nin de chegada, era un refuxio provisional, un recanto precario onde permanecer sen que ninguén os molestase demasiado.

Esluíuse agora aquel rebumbio e ninguén parece botalo de menos. Baleiros os andéns, as plataformas desertas, os corredores silenciosos. Enmudeceron as voces que anunciaban horarios e destinos, os motores que sinalaban a inminencia de entradas e saídas. Todo semella un esqueleto sen substancia, un escenario fantasmal, abandonado despois da última representación, cando os actores se foron e só permanece, flotando no aire, o eco das súas voces e o aceno dos xestos.

Praza

Persoalmente sentíame moi unido á vella estación desaparecida porque vivín varios anos nas súas inmediacións, porque teño viaxado moito desde ela e porque nela sitúo escenas afectivas referidas á familia máis íntima (como a última foto de meus avós maternos), encontros e despedidas.

Liberada da súa antiga función, sería importante que non acabase devorada por intereses espurios, a especulación e a cobiza inmobiliarias. Oxalá que onde antes convivían autocares e viaxeiros, vexamos pronto unha praza aberta e luminosa na que medren as árbores, na que descansen os vellos, se biquen os noivos e xoguen os nenos, alegres como paxariños.

Se durante moitos anos viu chegar e marchar moita xente, á vella estación correspóndelle agora converterse nun lugar de encontro, integración e convivencia.



Ilustración de Gosia Trebacz